

Cesantes, 1 de outubro de 2020

## **CIRCULAR INFORMATIVA PARA AS FAMILIAS**

Achegámoslle algunha información de interese sobre o centro e o seu funcionamento.

### **1.-HORARIO ESCOLAR**

As actividades lectivas deron comezo o día 10 e 11 de setembro, escalonadamente. de 2020 e rematarán o día 22 de xuño de 2021.

Este curso ven marcado pola situación pandémica e o desenvolvemento do protocolo de adaptación a Covid que nos obriga ao desenvolvemento de novas medidas organizativas, sanitarias e hixiénicas.

- A entrada farase continuada de 09:15h. a 09:35h. O alumnado que ven coa familia entrará pola porta da estrada nacional, accedendo ao centro pola porta frontal do edificio escolar seguindo as medidas sanitarias e hixiénicas e irán as súas aulas onde estará un profesor.

- O alumnado transportado entrará pola porta do Viso e accederá ao centro pola porta traseira do edificio escolar seguindo as medidas sanitarias e hixiénicas e irán as súas aulas onde estará un profesor.

O horario de clase será de setembro a xuño, de 9.30 a 14.30 h.

- Debido a necesidade de manter o aillamento dos grupos de convivencia estable, temos dous grupos de recreo:

Os cursos impares de 12:00h a 12:30h. recreo, en zonas separadas, e de 12:30h a 13:00h

Hora de ler.

Os cursos pares ao contrario. 12:00h a 12:30 hora de ler e de 12:30 a 13:00h recreo.

As merendas faranse nas aulas.

As saídas serán continuadas, o alumnado que recolle as familias empezando polo alumnado de Educación Infantil saíra as 14:15h. e os demais niveis consecutivamente ata as 14:30h. O alumnado transportado será acompañado polo profesor da última hora ata a coidadora do autobús no portal do Viso.

## **2.- CALENDARIO ESCOLAR:**

### PERÍODOS DE VACACIONS

Nadal: dende o día 23 de decembro de 2020 ata o día 7 de xaneiro de 2021, ambos os dous inclusive.

Entroido: 15, 16 e 17 de febreiro de 2021.

Semana Santa: dende o día 27 de marzo ata o 5 de abril de 2021, ambos os dous inclusive.

### DÍAS NON LECTIVOS

Ademais dos anteriores considerárase día non lectivo para efectos académicos o 7 de decembro,

### DÍA DO ENSINO.

FESTIVOS LOCAIS: día 12 de abril, Cristo dos Navegantes e o 3 de xuño a Coca. Pendentes de confirmar polo Concello.

## **3.- AVALIACIÓNS E ENTREGA DE CUALIFICACIÓN:**

As reunións de avaliación realizaranse nas dúas semanas inmediatamente anteriores a cada período de lecer.

Entrega de notas:

1ª Avaliación: 22 de decembro

2ª Avaliación: 26 de marzo

3ª Avaliación: 22 de xuño.

As familias deberán devolver, debidamente asinadas, as matrices dos boletíns informativos das avaliacións no interior do sobre no que se envían.

## **4.- VISITAS E ENTREVISTAS:**

- Visitas aos mestres titores

**A hora de atención aos pais será TODOS OS MARTES de 16:30 a 17:30 horas.** En casos excepcionais, diríxanse ao profesorado/titor para concertar outra cita noutro horario.

Debido a pandemia as titorías serán concertadas con antelación.

Nos casos de urxencia e/ou imprevisto poden acudir directamente ao Colexio.

**O CENTRO EMPREGARÁ A APLICACIÓN ABALAR DA CONSELLERÍA PARA AVISOS E COMUNICACIÓN QUE PODEN DESCARGAR GRATUITAMENTE NO SEU TELÉFONO. SE TIVESEN DIFICULTADES ACUDIR A SECRETARÍA.**

- Atención dos membros do equipo directivo

Dirección: martes, mércores e venres de 9.30 a 10.20 horas.

Xefatura de Estudos: luns e venres de 9.30 a 10.20 horas.

Secretaría: martes, mércores e xoves de 9,30 a 10,20 horas

- Orientador: martes, mércores, xoves e venres de 9:30 a 10:20. Prégase solicitar entrevista.

### **5.-TRANSPORTE ESCOLAR, normas de uso:**

Debido á aplicación da normativa que regula o transporte escolar, o alumnado que faga uso deste servizo será custodiado por profesorado de garda. Do mesmo modo serán acompañados aos seus respectivos autobuses no momento da saída, ás 14.30 horas. Aquel alumnado que manifeste conductas inadecuadas poderá perder temporalmente o servizo de transporte.

Durante o percorrido no autobús vai unha coidadora, pero nas paradas deben estar as familias para recollelos ou persoas debidamente autorizadas.

**O alumnado de 5º e 6º de Primaria é o único que pode ter autorización para poder vir sós, desde a casa ou desde a parada de autobús á casa.**

**Insistan permanentemente aos seus fillos no cumprimento das normas para evitar posibles accidentes.**

### **6.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

Este curso por mor da pandemia non se realizarán actividades extraescolares. De facelas como cursos anteriores romperíanse a estanqueidade dos grupos de convivencia.

Se a situación pandémica cambiase poderíase retomar esta decisión.

Esto mesmo condicionanos a apertura da biblioteca polas tardes. Según evolución da pandemia retomarase a súa actividade.

### **7.-FALTAS DE ASISTENCIA E/OU PUNTUALIDADE**

Cando, por algún motivo, un alumno teña que faltar á clase ou chegar tarde, deberán comunicarllo ao titor/a e xustificalo mediante o modelo que este lle facilitará. Toda incidencia deste tipo quedará rexistrada no protocolo de absentismo escolar.

Moi importante lembrar co alumnado que presente algún dos síntomas compatibles coa Covid non debe acudir á clase. E débese comunicar ao centro.

**O número 606 890078** está dispoñible para estas comunicacións.

As faltas con este motivo están xustificadas.

**Recordase ás familias que non poden traer ao alumnado ningún material ou tarefa didáctico ao longo da xornada escolar, o alumnado ten que responsabilizarse de traer cada día o necesario. Só se levarán merendas, gafas ou roupa se é preciso.**

### **8.-SEGURIDADE DOS ESCOLARES**

Para garantir a seguridade do noso alumnado e seguindo as instrucións recollidas no protocolo de adaptación ao Covid o **centro permanecerá pechado durante a xornada escolar**. Deberán chamar e agardar a que se lles abra. Non se poderá acceder ás aulas, corredores ou patios, deberán dirixirse a secretaria e alí cubrir o modelo de impreso correspondente e o profesorado de garda acompañará ao alumnado á súa aula.

Os alumnos só poderán abandonar o centro en horario lectivo co permiso do profesorado titor, e sempre que se fagan cargo deles os **nais/pais ou persoa debidamente autorizada, quen deberá asinar no correspondente modelo de recollida de alumnos** que se facilitará na Secretaría. Tamén deberán asinar se regresa de novo ao centro.

Se o alumna/o é usuario de transporte escolar, tamén deberán asinar se o veñen a recoller e non empregan o servizo.

Prégase a máxima puntualidade nas entradas e saídas, **procurando evitar as aglomeracións diante das portas**.

Solicítase, unha vez máis, a todos as familias que nas entradas e saídas estacionan os coches particulares, **non o fagan nas áreas reservadas para as paradas dos autobuses ou no radio de manobra destes ou no arcén de acceso á entrada da estrada nacional para así evitar, coa colaboración de todos, poñer en perigo a seguridade do noso alumnado.**

### **9.- AUTORIZACIÓN DE IMAXE**

Desde o centro, e no momento da matriculación, pídeselles que asinen unha autorización da imaxe dos seus fillos, para que poida ser empregada en actividades educativas.

Pero non podemos asumir a responsabilidade dos pais que acoden ás actividades abertas á Comunidade Educativa e fotografan indistintamente a todo o alumnado. Así **é responsabilidade de cada familia o uso que fagan das devanditas imaxes. ( O desenvolvemento deste tipo de actividades vai estar condicionada á evolución da situación pandémica)**

### **10-ATENCIÓN SANITARIA DOS ESCOLARES**

En caso de accidente ou enfermidade grave porase de inmediato en coñecemento da familia para proceder segundo sexa o caso. Se non se localiza telefonicamente aos familiares directos, tomaranse as decisións que se consideren necesarias en función da emerxencia. Para actuar adecuadamente nestes casos é necesario que todos os pais teñan actualizados os datos telefónicos que se solicitan na folla de matrícula.

Se algún alumno sofre unha patoloxía crónica grave debe comunicalo para que sexa incluído no **programa de Alerta Escolar**.

**. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado.**

:•Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais

.•A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado: °máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. °De forma excepcional e no caso

específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 senválvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse una máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por alguna persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

Avisarase a familia que debe acudir ao centro. E porse en contacto co seu médico ou centro de saúde **de Atención Primaria de Redondela, con teléfono de contacto 986 400700 e coa persoa de referencia Don Roberto Devesa González , ou ao teléfonos de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións.

### **11.-COMEDOR ESCOLAR**

O seu funcionamento está pendente da aprobación de protocolo de uso.

### **12.- PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA**

- Plan de alimentación saudable. Reparto de froita a todo o alumnado do centro e establecemento dun menú de merendas para todos.
- Plan de mellora da Biblioteca Escolar (PLAMBE). Este curso o proxecto en común é “O deporte no noso Concello”
- Pertenza á rede de Centros Plurilingües de Galicia. O que nos garante a presenza durante o curso escolar no centro dunha auxiliar de conversa.
- Edixgal

Aproveito a ocasión para, en nome do Claustro de Profesores, saudalos.

A Directora